

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
DO DEPARTAMENTO DE
DIDÁCTICAS APLICADAS

(en cumprimento dos artigos 69.4 e 105 dos Estatutos da USC)

(aprobado provisionalmente no Consello de Departamento do 1/12/2017)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición e denominación

1. O Departamento de Didácticas Aplicadas é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio á investigación nos ámbitos de coñecemento Didáctica da Expresión Corporal, Didáctica da Expresión Musical, Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica da Lingua e a Literatura, Didáctica da Matemática, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade de Santiago de Compostela.

2. O Departamento de Didácticas Aplicadas agrupa a todo o persoal docente, investigador e investigador en formación, de acordo co establecido no artigo 48.2 dos Estatutos da USC, pertencente aos ámbitos de coñecemento mencionados no punto anterior.

Artigo 2. Adscrición e sede

O Departamento de Didácticas Aplicadas adscíbese á Facultade de Ciencias da Educación, na que estará a súa sede. Desenvolve as súas funcións docentes e investigadoras nos Centros con plans de estudos que conteñan materias adscritas a algún dos ámbitos de coñecemento nel integrados; dun xeito singular, na Facultade de Ciencias da Educación e na Facultade de Formación do Profesorado.

Artigo 3. Lexislación e principios de actuación

1. O Departamento de Didácticas Aplicadas rexerase pola lexislación estatal e autonómica de aplicación, polo disposto nos Estatutos da USC e no presente Regulamento. Todo o persoal docente, investigador e investigador en formación vinculado ao Departamento estará suxeito ao presente Regulamento.

2. Sendo a lingua galega a lingua propia da USC, o Departamento promoverá no seu funcionamento a normalización e o desenvolvemento da lingua galega. O Departamento tamén asume como principio inspirador das súas actuacións a igualdade entre mulleres e homes, de conformidade co Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aprobado polo Consello de Goberno da USC.

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

Artigo 4. Funcións

Son funcións do Departamento, segundo o art. 49 dos Estatutos da USC:

- a) A programación, desenvolvemento e seguimento de:
- O ensino das materias asignadas aos ámbitos de coñecemento integrados no mesmo, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos establecidos polos centros nos que se imparta a docencia;
 - Os estudos de doutoramento adscritos ao Departamento;
 - Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua;
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación;
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento;
- d) A formación do persoal docente e investigador;
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos;
- f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

Artigo 5. Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello de Departamento,
- b) O director ou directora,
- c) O secretario ou secretaria.

Estes órganos de dirección estarán asistidos por: consellos de áreas, coordinadores ou coordinadoras de áreas, e coordinador ou coordinadora do campus de Lugo.

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 6. Definición e composición do Consello

1. O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento. Poderá actuar en pleno ou en comisións.

2. O Consello de Departamento, presidido polo director ou directora e no que actuará como secretario ou secretaria a do Departamento, estará composto por:

- a) O persoal docente funcionario membro do departamento;
- a) Os doutores membros do Departamento;
- b) Unha representación do resto do persoal docente e do persoal investigador en formación que non excederá do 10% do total de membros;
- c) Unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do Departamento, que suporá o 25 por cento do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10 por cento corresponderalle ao estudiantado de grao e mestrado e o 15 por cento ao de doutoramento;
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

3. As eleccións a membros do Consello de Departamento faranse conforme o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que os serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co departamento ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

5. Se algún dos representantes elixidos perdese a súa condición ou renunciase ao seu posto, ata a finalización do período correspondente sería substituído polo seguinte candidato máis votado no seu sector ata a celebración dunha nova elección.

6. Cando a natureza dos asuntos o requira, o director ou directora do Departamento, por propia iniciativa, a petición dos interesados ou do 10% dos membros do Consello, poderá convidar a persoas que non pertencen ao Consello, cando poidan resultar afectadas por decisións a adoptar ou se considere a súa opinión de relevancia e interese. Dita asistencia, con voz e sen voto, limitarase ao tratamento do punto ou puntos para os que fosen convidadas.

7. A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros e o Departamento preverá as medidas que favorezan dita asistencia. Tamén se arbitrarán procedementos para que os membros do Departamento que non pertencen ao Consello reciban información precisa sobre os temas a tratar e os acordos adoptados nas reunións do Consello.

Artigo 7. Competencias do Consello

Correspóndelle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do director ou directora e, de ser o caso, a proposta ao reitor ou reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello;
- b) A elaboración e aprobación do Regulamento de Réxime Interno;
- c) A creación de comisións delegadas de carácter non estable para estudar e formular propostas sobre temas puntuais que o Consello lles encomende;
- d) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49 a dos Estatutos da USC;
- e) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza;
- f) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente e os Estatutos da USC;
- g) A promoción do perfeccionamento da docencia;
- h) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49 a, liña b) dos estatutos USC;
- i) O impulso e apoio a actividades de difusión e transferencia de coñecemento;
- j) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles no orzamento do Departamento;
- k) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico dos estudantes;
- l) O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras das mesmas, cando proceda;
- m) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 8. Funcionamento do Consello

1. O Consello de Departamento reunirse con carácter ordinario por iniciativa da dirección, e celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada pola dirección, notificándoa aos membros cunha antelación mínima de 3 días. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirase por correo electrónico a todos os membros no enderezo institucional da USC. Coa convocatoria, incluírase como anexo o borrador da acta ou actas de sesións pendentes de aprobación, así como toda a documentación necesaria para a información dos membros do Consello.

3. As convocatorias ordinarias do Consello deberán conter: lugar da reunión, data, hora, en primeira e segunda convocatoria, e orde do día. Os dous primeiros puntos da orde do día dedicaranse á aprobación, se procede, da acta ou actas de sesións anteriores e ao informe da dirección. Os últimos puntos tratarán asuntos urxentes e de trámite e peticións e preguntas. A orde do día deberá incluír tamén aqueles asuntos que solicite un 10% dos membros do Consello, ou os membros dunha ou varias áreas de coñecemento, sempre que se solicite con anterioridade ao envío da convocatoria.

4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. O Consello reunirse con carácter extraordinario, cando a importancia ou a urxencia dos asuntos a tratar así o requira, por iniciativa da dirección ou por petición escrita de, polo menos, un terzo dos seus membros. Neste último caso, os solicitantes deberán indicar por escrito de forma precisa o punto ou puntos que desexen incluír na orde do día. A convocatoria das sesións extraordinarias enviarase aos membros cunha antelación mínima de 2 días e na orde do día non se incluírán os puntos relativos a aprobación de actas, informes, asuntos de trámite nin peticións e preguntas.

6. A constitución válida do Consello de Departamento esixirá, en primeira convocatoria, a presenza da metade máis un dos seus membros. De non acadarse dita proporción, deberá constituírse trinta minutos despois, en segunda convocatoria sempre que estea presente, polo menos, o 25% dos membros. Nos dous casos, así como para a celebración de sesións extraordinarias, debe contarse coa presenza do director ou directora e do secretario ou secretaria ou persoas que legalmente os substitúan.

7. Tendo as áreas do Departamento de Didácticas Aplicadas docencia asignada nos títulos de Grao e Mestrado que se imparten nos campus de Santiago e Lugo, as reunións do Consello, agás aquelas nas que o voto sexa secreto, celebraranse por videoconferencia.

Artigo 9. Réxime de adopción de acordos

1. O Consello presidirao o director ou directora ou quen legalmente os substitúa. Corresponderá ao Presidente establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, polo menos, un dereito de replica por alusións.
2. As sesións do Consello deberán realizarse de xeito continuado ate completar a orde do día, agás que iniciada na xornada de mañá deba interromperse para a súa continuación na mesma xornada de tarde.
3. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos, que poderán aprobarse por un dos procedementos seguintes:
 - a) Por asentimento, cando a proposta enunciada pola persoa que presida a sesión non encontre oposición ou reparo en ningún dos presentes;
 - b) Por maioría simple dos membros presentes;
 - c) Por maioría absoluta, cando se trate da aprobación do Regulamento de réxime interno (RRI), Plan de organización docente (POD), plans de estudo, ou plans estratéxicos.
4. As votacións serán públicas, agás cando afecten especificamente a persoas ou cando a votación secreta sexa solicitada por algún dos membros presentes na sesión.
5. O voto é persoal, indelegable e presencial, non admitíndose votos anticipados, por correo ou electrónicos.
6. En caso de empate poderá facer uso da palabra un dos promotores de cada proposta, celebrándose posteriormente unha nova votación. De persistir o empate, decidirá o voto de calidade de quen ocupe a presidencia.
7. Calquera membro do Consello poderá manifestar a súa discrepancia cun acordo maioritario mediante voto particular que, presentado por escrito nun prazo de corenta e oito horas, será engadido ao texto acordado. Os acordos do Consello serán susceptibles de ser impugnados enalzada diante do Consello de Goberno da Universidade.

Artigo 10. Actas de Consello

1. De cada sesión que celebre o Consello de Departamento levantarase acta polo secretario ou secretaria, que especificará necesariamente as circunstancias de

lugar e tempo en que se celebrou, os asistentes, a orde do día da reunión, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala a dirección, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ao texto aprobado.

4. **As actas elaboradas** polo secretario ou secretaria, co visto e prace do Presidente, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior, podendo non obstante emitir o secretario ou secretaria certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

5. **As actas asinadas polo secretario ou secretaria**, co visto e prace do director, serán encadernadas consonte coas instrucións dadas ao respecto pola Secretaría Xeral da USC.

CAPÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DO CONSELLO

Artigo 11. Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente é unha comisión delegada do Consello de Departamento para estudar e resolver asuntos de trámite ou urxentes que non esixen a aprobación do pleno do Consello.

2. A Comisión Permanente estará composta polos seguintes membros do Consello de Departamento:

- a) O director ou directora do Departamento, que a presidirá;
- b) O secretario ou secretaria do Departamento, que levantará acta das súas reunións;
- c) O coordinador ou coordinadora de cada un dos ámbitos de coñecemento do Departamento, segundo establecen os artigos 19 e 20 do presente Regulamento;
- d) O coordinador ou coordinadora do campus de Lugo, segundo establece o artigo 21 do presente Regulamento;

d) Dous ou dúas estudantes, elixidas entre os representantes deste colectivo no Consello de Departamento.

3. Son competencias da Comisión Permanente

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite;
- b) Coñecer e decidir sobre asuntos urxentes que non teñan que ser necesariamente aprobados polo pleno do Consello;
- c) Coñecer e decidir sobre asuntos que, sendo competencia do Consello de Departamento, lle fosen delegados por acordo do mesmo;
- d) Asesorar ao director ou directora nos asuntos que lle encomende no exercicio das súas funcións.

4. A Comisión Permanente será convocada cun mínimo de 2 días de antelación, en convocatoria única e a iniciativa do director ou directora ou por pedimento dun terzo dos seus membros. En todos os demais aspectos, as normas de funcionamento estarán ao disposto neste regulamento para o Consello de Departamento.

5. De todas as actuacións da Comisión Permanente levantará acta o secretario ou secretaria e delas darase conta na primeira reunión do Consello de Departamento dentro do punto de asuntos de trámite e urxentes.

Artigo 12. Comisións delegadas

1. O Consello de Departamento poderá decidir a creación e supresión de comisións delegadas para o tratamento e informe de asuntos específicos.
2. A composición de cada comisión delegada atenderá á representatividade dos distintos ámbitos de coñecemento e sectores afectados polos asuntos a tratar.

CAPÍTULO III. DO CONSELLO DE ÁREA OU AMBITO DE COÑECIMENTO

Artigo 13. As áreas de coñecemento

As áreas ou ámbitos de coñecemento son as estruturas básicas do Departamento e a elas adscríbese todo o persoal docente, investigador e investigador en formación.

Artigo 14. O Consello de Área ou ámbito de coñecemento

1. Todo o profesorado e persoal investigador en formación adscrito a unha área ou ámbito de coñecemento forma o Consello de Área que actuará de forma colexiada para o desempeño das funcións que lle reconece o presente Regulamento.

2. Son funcións do Consello de Área

- a) A elección dun coordinador ou coordinadora que exerza a súa representación na Comisión Permanente do Departamento;
- b) A proposta de inclusión dun ou varios puntos na orde do día das sesións dos órganos colexiados do Departamento, nos termos establecidos no artigo 8.3 do presente Regulamento;
- a) A proposta á dirección da distribución entre o profesorado da carga docente das materias que lle sexan adscritas, para a súa aprobación no Consello de Departamento;
- b) A proposta á dirección da solicitude de prazas de persoal docente e, no seu caso, a composición das comisións correspondentes, para a súa aprobación no Consello de Departamento;
- c) O asesoramento aos órganos de dirección do Departamento en calquera asunto que afecte aos intereses e funcionamento da área de coñecemento.

CAPÍTULO IV. DO DIRECTOR OU DIRECTORA

Artigo 15. O director ou directora

1. O director ou directora representa o departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. O director ou directora será elixido polo Consello de Departamento de entre os seus membros que sexan profesores doutores con vinculación permanente á Universidade, de acordo co Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e será nomeado polo reitor.
3. De non se poder levar a cabo o nomeamento de director ou directora do Departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do departamento que teña o título de doutor e vinculación permanente á Universidade de Santiago. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.
4. O cargo de dirección do Departamento desempeñárase durante catro anos, e non se poderá ocupar máis de dous mandatos consecutivos.
5. A persoa que desempeñe a dirección do Departamento cesará ao remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva a petición, como mínimo, dun terzo dos membros do Consello do Departamento e aprobada por maioría absoluta. A presentación da moción

incorporará un candidato alternativo. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.

6. En caso de ausencia ou enfermidade, o director ou directora será substituído, con carácter accidental, polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor doutor con vinculación permanente á USC.

Artigo 16. Funcións do director ou directora

1. Son competencias da dirección do Departamento:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento;
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento;
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes;
- d) A execución das previsións orzamentarias;
- e) A proposta ao reitor do nomeamento de secretario ou secretaria do Departamento

2. As competencias da dirección esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

CAPÍTULO V. DO SECRETARIO OU SECRETARIA

Artigo 17. O secretario ou secretaria

1. O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor, tras a proposta da dirección, **entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do departamento.**

2. A persoa que desempeñe a secretaría cesará por decisión do reitor, logo de proposta da dirección do Departamento ou a petición propia.

Artigo 18. Funcións do secretario ou secretaria

1. Son funcións do secretario ou secretaria:

- a) Convocar, seguindo instrucións da dirección, os órganos colexiados do

Departamento;

- b) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento;
- c) Redactar e custodiar as actas das reunións dos órganos colexiados do Departamento, garantindo que estean a disposición de todos os seus membros;
- d) Expedir as certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento;
- e) Outras funcións que lle encomenden a dirección, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.

2. En caso de ausencia ou enfermidade, o secretario ou secretaria será substituído, con carácter accidental, polo membro do Consello de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da USC para o desempeño do cargo. En caso de baixa ou permiso prolongados, a dirección poderá propoñer ao reitor o nomeamento dun secretario ou secretaria en funcións ata a reincorporación do titular do cargo.

CAPÍTULO VI. DO COORDINADOR OU COORDINADORA DE ÁREA

Artigo 19. O coordinador ou coordinadora de área ou ámbito

- 1. O coordinador ou coordinadora dunha área ou ámbito de coñecemento será designado mediante elección directa entre os membros do Consello da Área con dedicación a tempo completo.
- 2. O coordinador de área ou ámbito de coñecemento cesará nas súas funcións:
 - a) A petición propia, mediante renuncia dirixida por escrito á dirección do Departamento;
 - b) Cando a maioría absoluta dos membros da área decida a súa substitución, en reunión convocada ao efecto por iniciativa de polo menos un terzo dos seus membros;
 - c) Cando conclúa o período de mandato da dirección do Departamento.

Artigo 20. Funcións do coordinador ou coordinadora de área ou ámbito

Son funcións do coordinador ou coordinadora de área:

- a) Convocar e reunir o Consello da Área para que se poidan atender as funcións descritas no artigo 18 do presente Regulamento;
- b) Representar a área na Comisión Permanente do Departamento;

- c) Transmitir aos membros da área as consultas e decisións dos órganos de dirección do Departamento que poidan resultar de interese;
- d) Transmitir aos órganos de dirección do Departamento as iniciativas, solicitudes ou propostas da área.

CAPÍTULO VII. DO COORDINADOR OU COORDINADORA DO CAMPUS DE LUGO

Artigo 21. O coordinador ou coordinadora do campus de Lugo

1. Atendendo ao número de profesores e profesoras adscritos ao Departamento que imparten docencia na Facultade de Formación do Profesorado, elixirase de forma directa entre o profesorado do campus de Lugo que o sexa do Consello de Departamento un coordinador ou coordinadora dese campus.

2. Serán funcións do coordinador do campus de Lugo:

- a) Asistir ás reunións da Comisión Permanente do Consello;
- b) Elevar ao Consello de Departamento propostas que recollan aspectos que afectan de modo específico ao profesorado do campus de Lugo;
- c) Asesorar a dirección do Departamento en todos os asuntos que teñan relación co campus de Lugo.

3. O coordinador ou coordinadora do campus de Lugo cesará nas súas funcións:

- a) A petición propia, mediante renuncia dirixida por escrito á dirección do Departamento;
- b) Cando a maioría absoluta dos membros do campus de Lugo decida a súa substitución, en reunión convocada ao efecto por iniciativa de polo menos un terzo dos seus membros;
- c) Cando conclúa o período de mandato da dirección do Departamento.

TÍTULO III. DA DOCENCIA

ARTIGO 22: Da docencia

O Departamento ten como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudo que os centros lle encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 dos Estatutos da USC.

O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:

- a) Fixar o programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado;
- b) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia;
- c) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado;
- d) Resolver calquera outra cuestión que esixa a normativa da USC ao respecto.

A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.

O Departamento, ademais de participar na programación dos estudos de grao e máster, **poderá contribuír ao desenvolvemento doutros estudos do seu ámbito de competencia** que poidan dar dereito á obtención de certificados ou diplomas de especialización.

O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros.

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 23. Da investigación

1. O Departamento asume como un de seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.

3. O Departamento fomentará a constitución ou integración en grupos e redes de investigación nos que participen os seus investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros acomodaranse á normativa que a tal efecto aprobe o Consello de Goberno da USC

4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título particular do persoal docente e investigador adscrito ao mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización.

5. O Departamento, a nivel institucional, e o seu persoal docente e investigador, poderán promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordes coas normas e procedementos establecidos pola USC.

6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros no Departamento para o que os seus profesores deberán remitir anualmente a información precisa.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24. Do orzamento

Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o director ou directora elaborará e presentará ao Consello de Departamento para a súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

Artigo 25. Da memoria económica anual

Finalizado o exercicio económico anual a dirección renderá conta ao Consello do Departamento da execución do orzamento coa presentación dunha memoria económica.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 26. Da iniciativa da reforma

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser subscrita, polo menos, por un terzo dos membros do Consello do Departamento e deberá ser remitida á dirección do mesmo mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, como mínimo, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propón.

Artigo 27. Procedemento de reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello de Departamento para que

poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

2. O proxecto de Reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

Artigo 28. Aprobación da reforma do Regulamento

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

2. O proxecto de reforma do Regulamento, unha vez aprobado polo Consello de Departamento, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.-Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste Regulamento sexan necesarias para a súa aplicación

SEGUNDA.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derrogados os anteriores Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal, do Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais, e do Departamento de Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico trala aprobación polo Consello de Goberno da USC.